Rosa María CRUJEIRAS CASAIS
Pedro FARALDO ROCA
Belén María FERNÁNDEZ DE CASTRO
Carlos Luís IGLESIAS PATIÑO
José María MATÍAS FERNÁNDEZ
Salvador NAYA FERNÁNDEZ

ESTUDO DA INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 2001-2003

AXENCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA

Rosa María CRUJEIRAS CASAIS
Pedro FARALDO ROCA
Belén María FERNÁNDEZ DE CASTRO
Carlos Luís IGLESIAS PATIÑO
José María MATÍAS FERNÁNDEZ
Salvador NAYA FERNÁNDEZ

ESTUDO DA INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 2001-2003

AXENCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA

Grupo de traballo

Rosa María Crujeiras Casais

Pedro Faraldo Roca

Belén María Fernández de Castro

Carlos Luís Iglesias Patiño
Departamento de Estatística e Investigación Operativa
Universidade de Santiago de Compostela

José María Matías Fernández
Departamento de Estatística e Investigación Operativa
Universidade de Vigo

Salvador Naya Fernández
Departamento de Matemáticas
Universidade da Coruña

Persoal da ACSUG

Eugenio Muñoz Camacho
Coordinador do Proxecto
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

Juan Luis Casal Buyo
Técnico de Inserción Laboral
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

Luis Carlos Velón Sixto
Técnico
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

Ana Isabel López Lorenzo
Técnico
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

Antonio Navarrete Rey
Ex-Técnico de Inserción Laboral
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

Edita:

ACSUG
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

IES "Compostela"
Rúa Lamas de Abade, s/n
Tel. 981 534173 - Fax 981 534174
15702 Santiago de Compostela
Email: acsug@acsug.com
www.acsug.com

Deseño e impresión:

Jesús Tarela. Grafidea

I.S.B.N.: 84-689-8375-6

Dep. Legal: C-840-2006

ÍNDICE

Presentación 7

Introdución 9

Datos técnicos do estudo 19

Análise dos resultados 25

- Descritiva da poboación e datos académicos 25
- Sobre a súa estadía na escola/facultade 49
- Sobre a busca de emprego 55
- Sobre a situación laboral actual 81

Anexo I: esquema do cuestionario 99

Anexo II: descrición das áreas de coñecemento 109

Referencias bibliográficas 115

1

INTRODUCIÓN



PRESENTACIÓN

O presente estudo é a continuación dun proxecto de longo percorrido, que vén a complementar e ampliar a anterior publicación, PROXECTO DE INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS POLO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 1996-2001.

Esta publicación, que foi presentada a finais do ano 2004, supuxo no seu momento un elevado esforzo xa que foi obxecto de estudo unha poboación de máis de 55.000 titulados do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Realizáronse presentacións dos resultados do proxecto nas tres universidades galegas.

Este esforzo viuse recompensado pola boa acollida que o proxecto tivo no mundo universitario, elaborándose, dende a propia ACSUG, informes para algunhas titulacións que o solicitaron, como foron a Licenciatura en Química (SUG), Socioloxía (UDC), Enxeñería Industrial (UDC) e Enxeñería Química (USC), como parte a engadir nos libros brancos das titulacións, dentro do programa de Converxencia Europea.

Estes dous estudos, xunto con outros de ámbito nacional, forman xa parte dun proxecto común que consiste na creación dunha base de estudos de inserción laboral de titulados universitarios. O obxectivo final é dar a coñecer os resultados deste tipo de estudos, non só ao persoal das universidades, senón tamén á sociedade.

Julio E. Abalde Alonso
DIRECTOR DA ACSUG

Por segunda vez a Axencia para a Calidade, cuio Consello de Dirección me honro presidir, preocupase do grao de aceptación por parte da sociedade galega dos graduados universitarios.

Faino persuadida de que, canto máis adecuadamente obteñan novos postos de traballo os egresados da Universidade tanto máis se sentirá que se eleva o nivel de calidade das nosas distintas Universidades, e mellores resultados (non só de alumnos colocados) se poderán presentar ante a sociedade galega, que é á vez a nosa fonte de medios, a nosa principal proveedora de alumnos, e o noso control práctico e interesado da calidade das nosas ensinanzas e do profesorado que as imparte. Non é, nin moito menos, o único campo no que haberemos de acadar máis altos resultados, pero significa un índice valioso para os nosos propios desexos de mellora.

Cumprimos, ademais, de todos modos, con unha das esixencias que adquirimos, a de ir ofrecendo pública conta, progresiva e circunstanciada, do noso quefacer constante, para que o entorno universitario teña cada vez máis elementos de xuízo, e medios máis propios para delinear novas ambiciosas metas, que haberemos de conseguir.

Manuel C. Díaz y Díaz

PRESIDENTE DA AXENCIA

INTRODUCIÓN

Neste segundo estudo sobre o estado da inserción laboral dos titulados polo Sistema Universitario de Galicia (SUG) nos anos 2001-2003, convén facer un novo repaso do contorno socioeconómico xeral, aínda que dun xeito breve. No PROXECTO DE INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS POLO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 1996-2001 (PIL 1996-2001, ACUSG 2004) previíase que Galicia xa non podería competir polos seus salarios no mundo nin moito menos dentro do contexto da Unión Europea ampliada, e no prazo de a penas dous anos xa se ten visto o problema da deslocalización en casos reais e concretos, tanto dentro da Unión Europea ampliada como fóra. Dende un punto de vista xeral, este problema da deslocalización non só afecta aos sectores industriais tradicionais senón que está a afectar mesmo a algúns subsectores dos servizos.

Asemade, hai que engadir uns prezos relativos da enerxía máis altos que hai poucos anos e dos que non hai sinais de que vaian baixar de modo aprezable a curto prazo. Parece, por conseguinte, que a produtividade e a competitividade da economía galega virá pola formación e especialización do factor traballo, o que ademais permitirá unha mellor adaptación a un entorno tan cambiante como o actual.

Para dotar á Comunidade Autónoma galega dunha man de obra cun nivel alto de cualificación, educada e creativa, precísanse mellorar os sistemas de ensino e de formación a fin de que exista unha xente nova que se gradúe coas habilidades e competencias apropiadas para poder obter postos de traballo nos sectores máis dinámicos e que xeran máis valor engadido. Isto permitirá, a medio e longo prazo, a equiparación paulatina coa media de Europa e co resto das economías mundiais máis desenvolvidas.

É preciso a adaptación á "nova economía", caracterizada, entre outras, por dúas grandes tendencias: a globalización e a omnipresencia das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC). Esta adaptación é máis doada para as novas xeracións.

As TIC están a provocar cambios profundos nos procesos produtivos. En concreto, o capital humano, ao igual que o capital físico e o traballo, contribúe ao crecemento da produción de bens e servizos dun xeito directo, aínda que parece que con máis intensidade. Outra influencia súa ponse de manifesto tanto na mellora da capacidade innovadora propia, como no incremento da velocidade de difusión das innovacións xurdidas fóra do país. Ademais, estas tecnoloxías condicionan o propio proceso de aprendizaxe e formación.

Todo o anterior refírese ao sistema educativo/formativo/cualificativo no seu conxunto; no que respecta ao subsistema universitario e en concreto ao sistema universitario galego público, o de interese neste estudo, é mester comentar que aínda que a situación actual na que se desenvolve non sexa tan mala como algún dos escenarios que se barallaban hai dous anos, do que non cabe dúbida é de que segue a caracterizarse por unha baixa natalidade e por unha inmigración máis débil que noutras CCAA, ademais dunha lixeira pero crecente competencia doutras institucións de ensino e formación.

Por tanto, se Galicia quere competir na sociedade global do coñecemento, debe investir tamén no seu activo máis precioso, a súa poboación, e máis aínda se cabe no segmento dos máis novos, que ademais estase a converter nun recurso máis escaso que antano.

A repercusión inmediata da nova economía nas empresas e nas institucións públicas será a consideración da información como un recurso económico chave. Para a busca e o procesamento desta información é fundamental a disposición duns recursos humanos preparados para esta misión. Na súa formación ten que desempeñar un papel importante o sistema universitario, tanto dun modo directo como dun xeito indirecto, a través da preparación de "formadores de formadores", ou ben na formación de xestores de recursos humanos, o que ven a engadirse ás súas funcións tradicionais.

A todo o anterior haberá que engadir que o desenvolvemento do Espazo Europeo de Educación Superior antes do 2010, derivado da Declaración de Boloña, coa diferenzación de dous ciclos, grao e posgrao, traerá consigo unha forte reestruturación do sistema universitario.

Contorno socioeconómico de referencia

A cuestión da educación superior está a transformarse dun problema cuantitativo a un de corte máis cualitativo, como se pode apreciar nas cifras definitivas do Censo de poboación do 2001 das seguintes táboas.

Titulados			Titulados			Titulados		
Idade	Gal.	Esp.	Idade	Gal.	Esp.	Idade	Gal.	Esp.
20-24	12,26	14,76	35-44	15,99	18,88	65-74	3,19	4,45
25-29	24,43	26,71	45-54	10,58	13,56	75-84	2,35	3,19
30-34	20,89	22,85	55-64	5,85	8,11	85 e máis	2,33	3,05
			Total	10,73	13,55			

Fonte: INE Censos de Población y Viviendas 2001 (www.ine.es)

Táboa 1. Porcentaxe de poboación en vivendas familiares de 16 ou máis anos con nivel de formación de terceiro grao por idade.

A proporción de titulados é notablemente maior nas novas xeracións que nos grupos de idades avanzadas o que pon de manifesto o grande esforzo investidor en educación que se veu realizando nas últimas décadas.

	GALICIA			ESPAÑA		
	Diplomados	Licenciados	Doutores	Diplomados	Licenciados	Doutores
Total	5,39	5,00	0,34	6,65	6,38	0,52
20-24 anos	8,95	3,30	-	10,86	3,90	-
25-29 anos	11,54	12,51	0,38	12,58	13,70	0,43
30-34 anos	8,74	11,45	0,70	9,76	12,29	0,80

Fonte: INE Censos de Población y Viviendas 2001 (www.ine.es)

Táboa 2. Porcentaxe de poboación en vivendas familiares de 16 ou máis anos por idade e nivel de formación. Ámbolos dous sexos.

	GALICIA			ESPAÑA		
	Diplomados	Licenciados	Doutores	Diplomados	Licenciados	Doutores
Total	4,34	5,12	0,43	5,85	6,67	0,68
20-24 anos	5,72	2,36	–	7,70	2,97	–
25-29 anos	8,34	9,84	0,33	9,82	11,50	0,37
30-34 anos	6,59	9,94	0,66	7,88	11,03	0,9

Fonte: INE Censos de Población y Viviendas 2001 (www.ine.es)

Táboa 3. Porcentaxe de poboación en vivendas familiares de 16 ou máis anos por idade e nivel de formación. Homes.

Táboa 4. Porcentaxe de poboación en vivendas familiares de 16 ou máis anos por idade e nivel de formación. Mulleres.

	GALICIA			ESPAÑA		
	Diplomados	Licenciados	Doutores	Diplomados	Licenciados	Doutores
Total	6,34	4,90	0,25	7,40	6,10	0,37
20-24 anos	12,28	4,28	–	14,17	4,87	–
25-29 anos	14,76	15,20	0,43	15,47	16,00	0,49
30-34 anos	10,86	12,95	0,73	11,71	13,59	0,81

Fonte: INE Censos de Población y Viviendas 2001 (www.ine.es)

Estes números poñen de manifesto que as proporcións de titulados nas novas xeracións galegas tenden a aproximarse ás do conxunto do estado, se ben segue a haber unha certa diferenza co promedio de toda España. No caso das mulleres esta diferenza parece menor.

A proporción de titulados é maior nas mulleres que nos homes en todas as novas xeracións e só é menor no total de xeracións nos licenciados e doutorados (Homes: 5,12%, Mulleres: 4,90% e Homes: 0,43%, Mulleres: 0,25%, respectivamente).

Por outra parte, as cifras do AVANCE DO CURSO 2004-05 DA ESTADÍSTICA DE LA ENSEÑANZA UNIVERSITARIA DE PRIMER Y SEGUNDO CICLO do INE veñen a confirmar os escenarios de mantemento da contracción da demanda dos servizos tradicionais que veñen prestando as universidades galegas. O número dos seus alumnos matriculados no citado curso sufriu unha baixa de case o 6% en relación co curso anterior, 2003-04, sendo o maior descenso por CCAA, agás Cantabria (seguindo o criterio de localización xeográfica do centro).

Os datos de Galicia, correspondentes ao presente curso 2005/06, indican a continuidade da tendencia á baixa de novos matriculados, que con cifras aínda non definitivas no momento da realización deste estudo, aproxímase a un 5% menos que no curso anterior.

Necesidade do estudo estatístico dos titulados do SUG

Todos os axentes económicos, dende os poderes públicos ata os titulados universitarios, pasando polos empresarios, deben aceptar a súa parte de corresponsabilidade para acadar os niveis de eficiencia no investimento en capital humano. As decisións dos axentes anteriormente mencionados deben basearse en evidencias e non en presuncións o que implica estudos como este, e doutros tipos que o complementen.

Os estudos estatísticos desta clase derívanse do interese das Universidades, Administracións Autonómicas, Xeral do Estado ou da UE por realizar un seguimento dos estudantes unha vez rematada a súa carreira. Deste xeito, preténdese valorar a influencia do ensino universitario no proceso de inserción e aproveitar a información obtida para axeitar a oferta educativa e formativa ás necesidades do mercado laboral, cando menos de xeito parcial ou aproximado.

Este estudo, xunto co PIL 1996-2001 (ACSUG, 2004), pode contribuir a unha toma de decisións máis baseada na evidencia e menos en especulacións e xuízos a priori, por parte dos diversos axentes involucrados no sistema universitario. É de interese para os usuarios do sistema (actuais e potenciais), posto que pode clarexar máis o seu horizonte profesional e permitirlles realizar eleccións máis racionais. As propias universidades poderán utilizar esta información resultante na súa programación e organización interna; e tamén servirá para a administración educativa, na súa tarefa de planificación do sistema universitario. Servirá para o coñecemento dun segmento importante do mercado de traballo, o que redundará nas decisións dos empresarios nesta materia. E, por suposto, para estar a disposición de todos os cidadáns en xeral, que poderán así formarse un xuízo máis ponderado sobre o tema.

Obxectivos xerais

Como no PIL 1996-2001 (ACSUG 2004), pretende coñecer a propia opinión dos titulados das diferentes titulacións que conforman o SUG sobre a súa situación laboral, así como os atrancos que atopan ou atoparon para a súa incorporación ao mercado de traballo.

Os puntos de vista que se seguirán son o de comprender e describir os diversos aspectos que configuran os comportamentos, actitudes e opinións dos titulados, e tenta seguir cuantificando unha serie de variables que poden explicar as diferenzas de comportamento, opinións e actitudes entre eles.

Constituirá un medio máis de obtención de información para a previsión da evolución futura da universidade, que pode servir para avaliar a importancia da educación superior no mercado laboral e no desenvolvemento profesional dos titulados. Espérase así mesmo que os resultados obtidos clarifiquen nun futuro as eleccións de estudos para as vindeiras xeracións. Todo isto sen perder de vista o mercado laboral no que están inmersas coas características xa sinaladas na introdución.

Á vista dos datos censuais da última táboa é evidente a meirande oferta de titulados polo que é interesante ver a influencia do perfil brando na inserción. É dicir, ver ata que punto as demandas, dende a perspectiva dos titulados, se formulan atendendo ao perfil duro ou ao brando, ou ben a unha combinación dos dous.

Obxectivos específicos

- Coñecer a opinión dos titulados sobre Formación e Universidade.
- Estudar o grao de uso e eficiencia dos distintos medios de busca de emprego
- Coñecer a situación do mercado laboral nas distintas titulacións.
- Coñecer a opinión dos titulados sobre os puntos fortes e puntos débiles da facultade ou escola na que realizaron os seus estudos, así como as necesidades de formación adicional.
- Coñecer a situación do mercado de traballo dos titulados no SUG e as características do exercicio profesional destes, coa fin de obter unha idea precisa nos seguintes aspectos:

    a) A capacidade do mercado de traballo para a absorción dos titulados das diferentes carreiras ofertadas no SUG.

    b) As variables que os titulados consideran de importancia nos procesos de contratación.

    c) As vías máis comúns na busca do primeiro emprego.

    d) As dificultades para a obtención dun primeiro emprego.

- Coñecer o grao de satisfacción dos titulados co seu emprego, en caso de traballar, e o cumprimento das expectativas xeradas nos seus estudos.
- Facer un estudo pormenorizado da situación laboral dos titulados universitarios, incidindo nos aspectos máis importantes para o desenvolvemento do seu labor.
- Pulsar a necesidade de incorporar, dentro da propia Universidade, información sobre como afrontar a busca de emprego unha vez rematados os estudos.

Antecedentes

Ademais dun conxunto amplo de estudos sectoriais realizados tanto na nosa Comunidade Autónoma como fóra dela, o precedente claro deste estudo é evidentemente o PIL 1996-2001, do que o presente estudo constitúe unha continuación con lixeiras modificacións e coa introdución dalgunhas melloras.

Entre as razóns para que a investigación sexa por mostraxe, que se expuxeron na edición anterior (PIL 1996-2001, ACSUG 2004), convén recalcar o problema da carga de resposta, porque estamos a vivir unha proliferación de estudos que buscan obxectivos parecidos con metodoloxías lixeiramente distintas, e van dirixidos a universos diversos pero que teñen unha intersección común bastante grande.

Aínda así, este tipo de enquisas presenta unha serie de limitacións. A primeira e máis importante, deriva do rápido cambio do mercado laboral. É por iso que a universidade non debe só tratar de adaptar a súa oferta de titulacións e os seus plans de estudos á demanda do sector empresarial senón que debe ter en conta esta variable, indubidablemente importante, entre outras.

2

DATOS TÉCNICOS DO ESTUDO



DATOS TÉCNICOS DO ESTUDO

Neste apartado recóllense os datos técnicos do estudo, relativos á poboación, ao marco de mostraxe, ao tipo de deseño de mostra empregado, así como á información referente á realización do traballo de campo.

Universo ou Poboación de interese

A poboación de interese constitúena os titulados nas tres Universidades Galegas durante os cursos académicos de 2001-2002 e 2002-2003. O total de titulados nos cursos mencionados resúmese na Táboa 5.

Universidade \ Curso	2001-02	2002-03	TOTAL
A Coruña	3150	2964	6114
Santiago de Compostela	5151	4786	9937
Vigo	3571	4078	7649
TOTAL	11872	11828	23700

Táboa 5.
Total de titulados nos cursos 2001-2002 e 2002-2003 no SUG.

Considéranse as seguintes áreas de coñecemento: ENSINANZAS TÉCNICAS, CIENCIAS EXPERIMENTAIS, CIENCIAS DA SAÚDE, CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS (I, II, III e IV) e HUMANIDADES (I e II). A subdivisión nos ámbitos de CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS e HUMANIDADES débese a grande heteroxeneidade entre as titulacións dentro destes grupos. A descrición de cada unha delas (titulacións que as forman) pode consultarse no Anexo II.

Ámbito de estudo

Non hai un ámbito xeográfico en senso estrito porque a investigación refírese a todos os titulados nas universidades

públicas galegas e estes poden non ser residentes en Galicia, nin sequera telo sido.

Marco de mostraxe

Os datos dos titulados pola Universidade da Coruña foron aportados dende o Servizo de Información e Estatística da UDC; os da Universidade de Vigo, remitidos pola xerencia da devandita Universidade a instancia da Dirección de Calidade e os da Universidade de Santiago de Compostela recibíronse dende o Servizo de Xestión da Calidade e Control Interno, todos eles en soporte informático.

Unidade de mostraxe e unidade informante

A unidade de mostraxe e a unidade elemental coinciden neste estudo dado que se dispuña dunha listaxe de unidades elementais, isto é de titulados. Ademais, son os propios titulados as unidades informantes.

Deseño da mostra

Realizouse unha mostraxe estratificada. Primeiro determinouse o tamaño da mostra por titulación e campus, e logo fíxose unha asignación proporcional entre os dous anos de finalización dos estudos.

Determinación do tamaño da mostra

Aínda que se estaba a realizar unha enquisa multiobxectivo, a determinación inicial do tamaño mínimo fíxose para o parámetro proporción poboacional (variables dicotómicas do cuestionario) e referida a cada titulación considerando como titulacións distintas as que se cursan en campus diferentes. Considerouse un erro absoluto máximo admisible do 15% tendo en conta as características do estudo e, en certo modo, os recursos dispoñibles. Ademais, sempre se respectou un mínimo de 5 enquisados por titulación e ano.

Estratificación

A estratificación realizouse mantendo os mesmos criterios que no PIL 1996-2001 (ACSUG 2004).

Cuestionario

No presente estudo ampliouse e modificouse nalgúns puntos o cuestionario do PIL 1996-2001 (ACSUG 2004). Véxase Anexo I.

Selección da mostra e Método de recollida

As enquisas foron realizadas mediante entrevista telefónica. Na aplicación deseñada especificamente para levar a cabo este estudo fixouse un número máximo de 5 chamadas por titulado seleccionado. A aplicación que utilizaron os enquisadores proporcionaba os números de teléfono dos titulados seleccionados, escollidos de xeito aleatorio. No caso de que realizadas as 5 chamadas non se contactara co seleccionado, este substituíase por outro, elixido aleatoriamente, da mesma titulación e o mesmo ano de finalización.

Realización do traballo de campo e gravación de datos

As chamadas realizounas o Centro de Atención Telefónica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (CAT) da Xunta de Galicia. A aplicación empregada permitía aos enquisadores gravar as respostas ao tempo que se realizaba a entrevista. O traballo de campo foi realizado entre novembro e decembro de 2004.

3

Análise dos resultados



DESCRITIVA DA POBOACIÓN E DATOS ACADÉMICOS

Nesta primeira parte preséntanse os resultados relativos á descritiva da poboación, aos datos académicos e á situación laboral dos enquisados.

Ano de nacemento

A Figura 1 amosa a distribución dos titulados enquisados por ano de nacemento e área de coñecemento. Como pode comprobarse, a área de ENSINANZAS TÉCNICAS é colectivamente a de maior idade mentres que a de CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS IV é a de titulados máis mozos, con data de nacemento máis concentrada preto do 1981.



Figura 1. Distribución dos titulados enquisados por ano de nacemento e área de coñecemento.

Na lectura da Figura 1, así como na da Táboa 6, debe terse en conta a distinta duración estipulada nos plans de estudos das titulacións (6 cursos, no caso de Enxeñería Industrial na Universidade de Vigo e Medicina na Universidade de Santiago de Compostela, 5 cursos, 4 cursos, 3 cursos e mesmo 2 cursos para algún segundo ciclo que foi tratado como titulación).

Táboa 6. Distribución dos titulados enquisados por ano de nacemento.

	Porcentaxe
antes de 1975	20,56%
1976	10,42%
1977	12,02%
1978	16,79%
1979	15,62%
1980	13,11%
despois de 1981	11,48%

Distribución da mostra por xénero

Agás no caso das ENSINANZAS TÉCNICAS nas que a proporción de mulleres (41,4%) é sensiblemente inferior á dos homes, no resto das áreas de coñecemento existe unha proporción moi semellante, maioritaria a favor das mulleres, cun mínimo do 66,6% nas CIENCIAS EXPERIMENTAIS e un máximo do 84% nas CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS III.

Figura 2. Distribución dos titulados enquisados por xénero.





Figura 3.
Distribución dos titulados enquisados por xénero e área de coñecemento.

Nivel de estudos dos pais

A área de Ciencias da Saúde presenta a menor proporción de nais e pais só con estudos primarios ou de menor nivel (57,3% e 48,9%, respectivamente). Por contra, os grupos de Ciencias Sociais e Xurídicas I e III, posúen as maiores porcentaxes (70% no caso da nai e 60% no do pai, aproximadamente).

	Porcentaxe	
	NAI	PAI
Sen estudos	4,65%	3,03%
Primarios	60,83%	52,40%
Bacharelato/ Formación Profesional	21,59%	27,33%
Universitarios	12,93%	17,24%

Táboa 7.
Nivel de estudos dos pais.

Figura 4.
Nivel de estudos da nai. Porcentaxes por área de coñecemento.



Figura 5.
Nivel de estudos do pai. Porcentaxes por área de coñecemento.



En Ciencias da Saúde e Ciencias Sociais e Xurídicas IV, unha décima parte dos pais teñen estudos superiores. Tamén nestas áreas se dan as porcentaxes máis altas de estudos universitarios superiores das nais, pero hai que engadir Humanidades I.

Titulación cursada como primeira opción

Máis do 70% dos enquisados cursaron a titulación elixida como primeira opción. Destacan neste senso, as áreas de Ciencias Xurídicas IV e II, e a de Ciencias da Saúde mentres que a área de Ciencias Experimentais é a de menor proporción.



Figura 6. Porcentaxe de titulados que cursaron a titulación escollida como primeira opción.



Figura 7. Titulados que cursaron a titulación escollida como primeira opción. Porcentaxes por área de coñecemento.

Anos empregados na carreira

A enorme diversidade da casuística da variable "anos empregados na carreira" xunto con que non é obxecto específico deste traballo, fai que tan só presentemos unha idea xeral da distribución desta variable.

Neste senso, debe terse en conta que os distintos grupos de estudo inclúen titulacións moi diversas en termos de duración. Ademais das habituais de 3 e 5 cursos académicos de duración, tamén hai titulacións de 4, e incluso de 6 (como xa se sinalou anteriormente) e de 2. Este último caso aparece ao ter considerado como titulacións independentes os estudos de segundo ciclo, por exemplo, o 2º ciclo da Licenciatura de Química impartido no campus de Lugo.

Táboa 8. Distribución dos titulados enquisados por anos empregados na titulación.

	Porcentaxe
menos de 3	1,93%
3	24,13%
4	14,25%
5	21,67%
6	16,29%
7	9,80%
8	6,01%
máis de 8	5,92%

A Figura 8 dá unha idea xeral da distribución desta variable. Nela pódese observar a maior duración das titulacións do grupo de ENSINANZAS TÉCNICAS seguidas das do grupo de CIENCIAS EXPERIMENTAIS. As grandes modas permiten identificar a duración da maioría das titulacións de cada grupo. Así, as modas (4 anos) dos grupos de CIENCIAS DA SAÚDE e CIENCIAS XURÍDICAS III correspóndense coa maior frecuencia con que os alumnos rematan as titulacións ao cabo de 4 anos (tipicamente titulacións de Ciclo Curto de 3 anos).



Figura 8.
Distribución dos titulados enquisados por anos empregados na titulación por área de coñecemento.

Nota media do expediente



Figura 9.
Nota media do expediente académico.

Na Figura 10 pódese observar que as mellores cualificacións obtéñense no grupo de Ciencias da Saúde (un 60% de cualificacións de Notable ou superior) en contra dos grupos de Ensinanzas Técnicas e Ciencias Experimentais (ámbalas dúas cun 25% aproximadamente).

Figura 10. Nota media do expediente académico por área de coñecemento.



Outras titulacións universitarias rematadas

Esta parte fai referencia ás titulacións teñen rematadas a maiores daquela pola que son enquisados.

Figura 11. Porcetanxe de enquisados con outras titulacións rematadas.



Neste eido, destacan os grupos de CIENCIAS XURÍDICAS I e III con un 20% de titulados que teñen outras titulacións universitarias rematadas. Os grupos de CIENCIAS DA SAÚDE e de CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS II presentan as menores porcentaxes.



Figura 12.
Titulados con outras titulacións universitarias rematadas.
Porcentaxes por área de coñecemento.

As porcentaxes de titulados con outras titulacións universitarias rematadas por área de coñecemento poden verse na Figura 12. Nela pode observarse o diferente perfil dos grupos de estudo, destacando as CIENCIAS EXPERIMENTAIS e HUMANIDADES II con case un 75% de casos nos que esta titulación é de Ciclo Longo.

	Porcentaxe
Diplomado / Enxeñeiro Técnico / Arquitecto Técnico (*)	49,43%
Licenciado / Enxeñeiro / Arquitecto (**)	43,62%
Títulos Propios	6,95%

(*) Ciclo Curto (**) Ciclo Longo

Táboa 9.
Outras titulacións rematadas.
Porcentaxes.

Entre os titulados que teñen outras titulacións universitarias rematadas, analizouse de que tipo son as mesmas. Os resultados globais (SUG) aparecen na Táboa 9.

Figura 13.
Outras titulacións rematadas.
Porcentaxes por área de coñecemento.



En relación cos Títulos Propios, destaca o grupo de HUMANIDADES I cun 20% de casos entre os titulados con outras titulacións universitarias rematadas.

Estudos de posgrao rematados

En relación cos estudos de posgrao, un 18,26% dos titulados entre 2001 e 2003 remataron este tipo de estudos. A maior parte dos casos (89,74%) elixiron un máster/posgrao, fronte a un 10,26% que cursaron estudos de 3º ciclo.

Por área de coñecemento, destaca o grupo de CIENCIAS EXPERIMENTAIS (30,6%) seguido dos de ENSINANZAS TÉCNICAS (30%) e CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS II (20,6%). Os titulados do grupo de CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS III (12,5%) son os que menos cursan estes estudos (Figura 15), sendo no ámbito das CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS unha oferta máis ampla.

Figura 14.
Porcentaxe de titulados con estudos de posgrao rematados.





Figura 15.
Titulados con estudos de posgrao rematados. Porcentaxes por área de coñecemento.



Figura 16.
Tipo de estudos de posgrao rematados. Porcentaxes por área de coñecemento.

A maior parte destes títulos son de tipo máster ou posgrao, en detrimento dos títulos de 3º Ciclo. As áreas de HUMANIDADES I e II destacan na porcentaxe destes últimos (máis dun 30% en contra do 10% que presenta a maioría das áreas de coñecemento).

Táboa 10.
Tipo de estudos de posgrao rematados. Porcentaxes.

	Porcentaxe
3ºCiclo	10,26%
Máster / posgrao	89,74%

En canto aos motivos, a razón maioritaria é a obtención de "mellores condicións para atopar un emprego", seguida de lonxe por "carencias da formación previa" e por "desenvolvemento ou promoción profesional" (Táboa 11).

Táboa 11.
Motivos para realizar o posgrao. Porcentaxes do SUG.

	Porcentaxe
Estar en mellores condicións para atopar emprego	68,96%
Desenvolvemento ou promoción laboral	10,05%
Carencias na formación previa	17,73%

En termos de grupos de estudo, CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS I é a área na que unha maior porcentaxe de titulados responden que realizaron o posgrao por percibir carencias na formación previa (Figura 17).

Figura 17.
Motivos para realizar o posgrao. Porcentaxes por área de coñecemento.



Estuda, traballa, prepara oposicións

Dos titulados enquisados, o 55,7% estaba traballando en xuño de 2004. Esta porcentaxe debe ser lida con cautela, xa que no momento de realización da enquisa (entre novembro e decembro de 2004), un 27,72% preparaba oposicións e un 29,66% continuaba estudos.

As áreas de Ciencias da Saúde (76,5%), Ensinanzas Técnicas (71,1%) e Ciencias Sociais e Xurídicas IV (61,0%) son as que presentan unha maior proporción de titulados traballando no mes de xuño de 2004. Por contra, as áreas de Humanidades I e II (35,5% e 45,5%) e de Ciencias Sociais e Xurídicas II e III (46,3% e 43,0%) son as de menor proporción de titulados traballando nesas datas.



Figura 18. Titulados que traballaban en xuño de 2004. Porcentaxes por área de coñecemento.

As áreas de coñecemento con maior proporción de titulados preparando oposicións no momento da realización da enquisa son Ciencias Sociais e Xurídicas III (45,2%) seguido de Ciencias Sociais e Xurídicas II (37,1%) e os dous grupos de Humanidades (36,4%). Pola contra, o grupo de Ensinanzas Técnicas (10,4%) seguido por Ciencias Sociais e Xurídicas IV (16,1%) e Ciencias Sociais e Xurídicas I (18,6%), son os de menor proporción.

Figura 19. Titulados que preparan oposicións. Porcentaxes por área de coñecemento.



As áreas de HUMANIDADES (41,9% e 38,5%) xunto coa de ENSINANZAS TÉCNICAS (38,0%) son as que posúen a máis alta proporción de titulados que continuaban estudando, no momento da realización da enquisa. O grupo de CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS II (17,1%) é o de menor proporción neste concepto.

Figura 20. Titulados que continuan estudos. Porcentaxes por área de coñecemento.



En termos agregados, como estudos posteriores á titulación, os máis frecuentes son os de Ciclo Longo (Licenciaturas, Enxeñerías, etc.) cun 33,5%, seguidos dos estudos tipo máster ou de posgrao (24,2%), Terceiro Ciclo (18,9%), Títulos Propios (13,9%) e titulacións de Ciclo Curto (9,5%).

	Porcentaxe
Diplomado/Enxeñeiro Técnico/Arquitecto Técnico (*)	9,51%
Licenciado/Enxeñeiro/Arquitecto (**)	33,51%
Títulos Propios	13,88%
3º Ciclo	18,91%
Máster/posgrao	24,19%

(*) Ciclo Curto (**) Ciclo Longo

Táboa 12.
Tipo de estudos que cursa. Porcentaxes.



Figura 21.
Tipo de estudos que cursa. Porcentaxes por área de coñecemento.

Nas distintas áreas de coñecemento, os perfiles son diversos. Destacan por exemplo o grupo de CIENCIAS EXPERIMENTAIS coa menor proporción conxunta de estudos de Ciclo Longo e Curto (16,5%) e maior proporción conxunta de estudos de Terceiro Ciclo e de máster/posgrao. HUMANIDADES I (20,6%) e II (27,5%), e CIENCIAS DA SAÚDE (30,8%) presentan un perfil similar pero con un maior peso dos estudos en Títulos Propios. No senso contrario, destaca o grupo de CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS III (71,1%) e en menor medida o de CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS I (50,1%).

Táboa 13.
Motivo para continuar os estudos.

Motivo para continuar os estudos	Porcentaxe
Estar en mellores condicións para atopar emprego	59,65%
Desenvolvemento ou promoción laboral	9,25%
Carencias na formación previa	15,50%

Ademais:

1.- En estudos de máster ou posgrao destaca o grupo de CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS I (34,6%) seguido de CIENCIAS EXPERIMENTAIS (32,8%), CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS II (28,1%) e ENSINANZAS TÉCNICAS (27,6%).

2.- Nos estudos de 3º Ciclo, destacan CIENCIAS EXPERIMENTAIS seguido de HUMANIDADES I (39,3%) e CIENCIAS DA SAÚDE (30,1%).

3.- Nos estudos en Títulos Propios, destacan sobre todo os dous grupos de HUMANIDADES (30,7% e 26,5%).

En canto aos motivos aludidos para seguir estudando, os diferentes grupos de estudo presentan un perfil bastante similar (Figura 22) cunha maioría (56,95% en termos agregados) dos que seguen estudando por "estar en mellores condicións para atopar emprego" seguidos de lonxe (15,5%) polos que o fan debido a "carencias na formación previa" e finalmente por razóns de "desenvolvemento ou promoción profesional" (9,25%).

Figura 22.
Motivo para continuar estudos. Porcentaxe por área de coñecemento.



Lugar de traballo

En canto ao lugar de traballo en xuño de 2004, a importancia das distintas provincias galegas é proporcional á súa poboación. Así, A Coruña é a provincia máis citada por todos os grupos, excepto o de ENSINANZAS TÉCNICAS no que a devandita provincia é superada lixeiramente pola provincia de Pontevedra.

	Porcentaxe
A Coruña	37,77%
Lugo	11,11%
Ourense	9,19%
Pontevedra	29,09%
Resto de España	10,50%
Resto da Unión Europea	1,98%
Resto do Mundo	0,36%

Táboa 14.
Lugar de traballo.
Porcentaxes.

Asemade, é importante destacar que a opción "resto de España" posúe unha presenza similar ás provincias de Ourense e Lugo tanto en termos agregados como nos grupos de ENSINANZAS TÉCNICAS, CIENCIAS DA SAÚDE (claramente superior a Ourense neste grupo), CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS II e III, e HUMANIDADES I, superándoas ademais claramente nos grupos de estudo de CIENCIAS EXPERIMENTAIS, e CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS IV.



Figura 23.
Lugar de traballo en xuño de 2004.
Porcentaxes por área de coñecemento.

Tempo que levaba traballando

Táboa 15. Tempo que levaba traballando en xuño de 2004. Porcentaxes.

	Porcentaxe
Menos de 6 meses	33,87%
entre 6 e 12 meses	29,15%
entre 13 e 24 meses	26,93%
máis de 24 meses	10,05%

Un 34% dos titulados enquisados levaba menos de 6 meses traballando en xuño de 2004.

Figura 24. Tempo que levaba no posto de traballo en xuño de 2004. Porcentaxes por área de coñecemento.



Tipoloxía do contrato

Neste apartado expóñense os resultados relativos ao tipo de contratación que tiñan os titulados que traballaban en xuño de 2004, data que se tomou como referencia no momento da realización da enquisa.



Figura 25.
Traballo por conta propia ou conta allea. Porcentaxes.

A maior parte dos enquisados que traballaban en xuño de 2004, facíano por conta allea (92,3%), sen grandes diferenzas entre grupos de estudo.



Figura 26.
Traballo por conta propia ou conta allea. Porcentaxes por área de coñecemento.

Figura 27. Porcentaxe de contratos por conta propia, dados de alta.



Entre os titulados que traballaban por conta propia, non estaba dado de alta unha importante porcentaxe nas áreas de CIENCIAS EXPERIMENTAIS (38,3%), HUMANIDADES II e I (29,7% e 14,38%), e CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS III (20,5%).

Figura 28. Porcentaxe de contratos por conta propia, dados de alta. Distribución por área de coñecemento.



Entre os que traballaban por conta allea en xuño de 2004, tiña contrato un 95,6%, sendo as áreas con porcentaxes menores as de HUMANIDADES I (91,5%) e CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS II (92,1%), e as de maiores porcentaxes as de CIENCIAS DA SAÚDE (98,9%) e de CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS IV (98,3%).



Figura 29.
Porcentaxe de contratos por conta allea.



Figura 30.
Contratos por conta allea. Porcentaxes por área de coñecemento.

En canto ao tipo de contrato (Táboa 16), solo un 22,1% do total é de tipo indefinido con valores sensiblemente menores nas áreas de CIENCIAS DA SAÚDE (15,3%) e CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS III (17,2%).

	Porcentaxe
Indefinido	22,11%
Eventual	49,02%
En prácticas	13,20%
Bolsa	7,58%
Outro	8,09%

Táboa 16.
Porcentaxes de tipo de contrato por conta allea.

As modalidades temporais máis utilizadas son o "contrato eventual" (49,0%), o "contrato en prácticas" (13,2%), "bolsas" (7,6%) e "outros".

Por áreas de coñecemento destacan CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS III coa maior porcentaxe de contratos eventuais (68,9%) e menor porcentaxe de contratos en prácticas (6,1%), CIENCIAS DA SAÚDE coa menor porcentaxe de bolsas (0,8%) e maior porcentaxe de outros tipos de contrato (18,0%), e CIENCIAS EXPERIMENTAIS coa maior porcentaxe de bolsas (17,7%).

Figura 31. Porcentaxe de tipo de contrato por conta allea, por área de coñecemento.



Tipoloxía da xornada laboral

Ao respecto do tipo de xornada laboral, un 79,4% dos titulados enquisados tiñan xornada a tempo completo.

Figura 32. Tipo de xornada laboral. Porcentaxes.



Esta cifra é sensiblemente superior na área de Ensinanzas Técnicas (90,2%), seguida de Ciencias Sociais e Xurídicas IV (85,0%) e Ciencias da Saúde (84,7%). Destaca tamén a relativamente baixa porcentaxe de xornadas a tempo completo en Humanidades II (61,5%).



Figura 33.
Tipo de xornada laboral. Porcentaxe por área de coñecemento.

Número de empregados da empresa

En termos do número de empregados da empresa ou entidade empregadora, as maiores porcentaxes corresponden a entidades de máis de 250 empregados (31,0%), entre 10 e 49 empregados (23,7%), e entre 2 e 9 empregados (21,6%).

Entre as áreas de coñecemento, destacan as de Ciencias da Saúde e Ciencias Sociais e Xurídicas I por unha maior proporción relativa das entidades de 250 ou máis empregados (43,2% e 40,8% respectivamente) e a de Humanidades I e II por unha maior proporción relativa das entidades de entre 10 e 49 empregados (38,7% e 30,6% respectivamente).

Como pode observarse na Figura 34, as titulacións de Humanidades están máis presentes nas empresas "pequenas" e "medias" (hasta 49 empregados) con porcentaxes de aproxima-

damente 64%, seguidas de CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS II (57,2%) e ENSINANZAS TÉCNICAS (50% aproximadamente).

Táboa 17. Número de empregados das empresas/entidades nas que traballan os titulados. Porcentaxes.

	Porcentaxe
de 0 a 1	4,24%
de 2 a 9	21,55%
de 10 a 49	23,65%
de 50 a 99	9,67%
de 100 a 149	6,34%
de 150 a 199	1,41%
de 200 a 249	2,15%
250 ou máis	30,99%

Figura 34. Número de empregados das empresas/entidades na que traballan. Porcentaxes por área de coñecemento.



sobre a estadía na escola/facultade

A Figura 35 amosa a valoración media das respostas dadas polos enquisados relativas á realización de prácticas na empresa. Como pode comprobarse, a área de Humanidades II é o que peor puntuación dá ao feito de que a Universidade facilitara a realización de prácticas en empresas, seguido de Ciencias Experimentais, Ciencias Sociais e Xurídicas II e Ensinanzas Técnicas. Por outra banda, resalta o colectivo de titulados de Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas III e Ciencias Sociais e Xurídicas IV que si valora positivamente (arredor dun 3,5 nunha escala de 1 a 5) este feito.

Figura 35. Facilitabase a realización de prácticas en empresas. Valoración media por área de coñecemento.

En relación cos resultados obtidos no PIL 1996-2001 (ACSUG 2004) unicamente resaltar a baixa experimentada na puntuación outorgada polo colectivo de Ciencias Sociais e Xurídicas IV que no PIL 1996-2001 eran os titulados que mellor valoraba este ítem.

Figura 36. Tivéronse en conta os avances e tecnoloxías predominantes. Valoración media por área de coñecemento.



A área de CIENCIAS DA SAÚDE presenta a maior valoración media na pregunta sobre o uso dos avances tecnolóxicos no ensino, aínda que neste caso as respostas non ofrecen grandes diferenzas oscilando entre 2,09 de media do colectivo de CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS II e a de CIENCIAS DA SAÚDE cun 3,32 de media.

Tamén en relación cos resultados obtidos no PIL 1996-2001 (ACSUG 2004) hai unha maior puntuación media nos datos analizados neste período (2,60) fronte o que resultaba na pasada enquisa (2,35).

Figura 37. Necesidade de apoio externo nalgunha materia. Valoración media por área de coñecemento.



Os titulados responden que non necesitaron apoio externo para os seus estudos, excepto no caso de CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS I e das ENSINANZAS TÉCNICAS.



Figura 38.
O plan de estudos permite rematar a carreira no tempo estipulado. Valoración media por área de coñecemento.

A excepción dos titulados en Ensinanzas Técnicas, os titulados valoran positivamente que o plan de estudos permite rematar a carreira no tempo estipulado dando unha puntuación media de 3,46, nunha escala de 1 a 5. As respostas son acordes cos resultados da enquisa anterior da ACSUG (PIL 1996-2001, ACSUG).



Figura 39.
Compaxinou estudo e algún traballo esporádico. Porcentaxes por área de coñecemento.

Menos do 40% dos enquisados compaxinaron os seus estudos co traballo. Destacan neste senso as áreas de Ensinanzas Técnicas, Ciencias Sociais e Xurídicas I e III como as de maior porcentaxe, mentres que as de Ciencias da Saúde e Ciencias Experimentais son as que presentan unha menor proporción.

Figura 40. Compaxinou estudo e traballo a xornada parcial. Porcentaxes por área de coñecemento.



Figura 41. Compaxinou estudo e traballo a xornada completa. Porcentaxes por área de coñecemento.



Entre os estudantes que compaxinaron os estudos co traballo a maioría fíxoo "de forma esporádica" (cun 46,5%), seguido de "traballos a tempo parcial" (cun 36,5%) sendo menor a porcentaxe dos titulados que traballaron a "xornada completa" (só un 16,9%).



Figura 42.
Relación do traballo co estudo. Valoración media por área de coñecemento.

As áreas de CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS IV (cunha media de 2,9) xunto coa de ENSINANZAS TÉCNICAS (2,63) e seguida de CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS III son as que amosan máis conformidade no referente á relación do traballo compaxinado cos estudos e os estudos que se cursaban. HUMANIDADES (1,7 de media) e CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS II son as que amosan unha menor puntuación neste concepto. Sorprende ver que ningunha área "aproba", aínda que debe terse en conta que se refire ao traballo realizado durante a carreira.

Máis da metade dos titulados, en tódalas áreas de coñecemento, consideran que non precisaron a colaboración dos seus profesores no traballo. No caso de ter necesitado a colaboración dos profesores, os titulados do SUG, en tódalas áreas de coñecemento, valoran esta colaboración con puntuacións medias inferiores a 3 (véxase a Figura 43).



Figura 43.
A colaboración de profesores no traballo foi satisfactoria. Valoracións medias.

Cando se pregunta aos titulados sobre a realización de prácticas en empresas, pode existir confusión na interpretación, posto que existen titulacións onde as prácticas están integradas dentro do propio deseño das ensinanzas. Aínda así, a valoración que fan os titulados da realización das prácticas é superior a 3 en tódalas áreas, salvo en HUMANIDADES I e II e CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS II. A maior valoración é a proporcionada polos titulados de CIENCIAS DA SAÚDE (4,8 nunha escala de 1 a 5).

Figura 44.
Se realizou prácticas en empresas, considéraas útiles para a inserción laboral. Valoracións medias.



sobre a busca de emprego

Unha parte importante nas enquisas sobre inserción laboral é a que se refire á busca de emprego. Das preguntas deste apartado obtense a información sobre os titulados que buscan emprego, sempre interesándose polos empregos relacionados coa titulación estudada, cantos son, ou que mecanismos utilizan na busca.

Un dos obxectivos específicos deste estudo é o coñecemento das vías de busca de emprego máis utilizadas polos titulados do SUG, e da súa eficiencia. Para iso, crúzase a información obtida sobre o grao de utilización das diferentes vías, coa porcentaxe de primeiros empregos acadados con cada unha.



Figura 45:
Busca de emprego relacionado coa titulación estudada. Porcentaxes globais SUG.

As preguntas que completan estes apartados permiten dar resposta, ademais, a outros obxectivos específicos como son as variables que os titulados consideran de importancia no proceso de contratación, ou as dificultades para a obtención dun primeiro emprego, reflectida esta última idea na medida do tempo que os titulados do SUG tardan en atopar o seu primeiro emprego, unha vez obtido o título.

A Figura 45 reflicte a porcentaxe de titulados do SUG que buscaron, ou buscaban no momento da enquisa, traballo rela-

cionado coa súa titulación. A gran maioría, máis de 8 de cada 10, responde afirmativamente, aínda que un 16,2% manifestan non buscar nin ter buscado emprego.

A Figura 46 reflicte estes resultados por grupos de estudo. Analizando as respostas por grupos atópanse algunhas diferenzas. Os grupos de HUMANIDADES I e HUMANIDADES II son nos que máis titulados admiten non buscar nin ter buscado emprego relacionado coa súa titulación (unha cuarta parte). O grupos de CIENCIAS EXPERIMENTAIS e CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS I son, por outra banda, nos que menos se da esta situación.

Figura 46: Busca de emprego relacionado coa titulación estudada. Porcentaxes por área de coñecemento.



Utilización das vías de busca

O seguinte punto do estudo analiza, entre aqueles titulados que buscan ou buscaron emprego relacionado coa súa titulación, os mecanismos que utilizaron nesa busca. Solicitouse unha valoración da utilización das diferentes vías de busca nunha escala de 1 (vía non utilizada) a 5 (vía moi utilizada).

	Valoración Media
Servizos Públicos de Emprego	3,05
Servizo Galego de Colocación (SGC)	3,08
Oficinas de Servizos Integrados para a Xuventude (OSIX)	1,29
Fundación Empresa-Universidae	1,80
Ofertas e bolsas de traballo a través da Universidade	2,04
Bolsas de traballo de/ou xestionadas por outras institucións	2,16
Candidatura espontánea	3,65
Resposta a anuncio de prensa	3,03
Pór anuncios	1,19
Presentación a oposición/concurso público	2,08
Empresas de traballo temporal (ETT)	2,13
Consultoría	1,39
Internet	3,14
Familiares/amizades	2,78
Autoemprego	1,45

Táboa 18:
Grao de utilización das vías de busca de emprego. Valoracións medias SUG.

A Táboa 18 contén as valoracións medias segundo os titulados do SUG. A vía destacada como máis utilizada é a "Candidatura espontánea". Outras catro vías aparecen con puntuacións superiores a 3: "Internet", "Servizo Galego de Colocación", "Servizos Públicos de Emprego" e "Resposta a anuncio de prensa". As vías menos utilizadas son "Pór anuncios" e as "Oficinas de Servizos Integrados para a Xuventude (OSIX)". Estes resultados aparecen representados na Figura 47.

Figura 47: Grao de utilización das vías de busca de emprego. Valoracións medias SUG.



Levouse a cabo a análise das valoracións da utilización das diferentes vías de busca de emprego por áreas de coñecemento. Da Figura 48 á Figura 52 representáronse os resultados obtidos.

Non se aprecian grandes diferenzas entre as valoracións da utilización das vías segundo os grupos de estudo. As vías menos utilizadas ("Pór anuncios" e "Oficinas de Servizos Integrados para a Xuventude (OSIX)") manteñen esas puntuacións mínimas en tódalas áreas de coñecemento. O mesmo que sucede coas vías máis utilizadas.

Pódese resaltar, sen embargo, o comportamento do grupo de CIENCIAS DA SAÚDE. Os titulados deste grupo son os que menos utilizan todas as vías de busca de emprego, salvo a "Presentación a oposición/concurso público" e as "bolsas de traballo de/ou xestionadas por outras institucións". Este comportamento diferencial, é facilmente explicable á luz das peculiaridades do emprego para este grupo de titulados.

Existe unha grande similitude entre a utilización que os titulados de todos os grupos de estudo fan dos "Servizos Públicos de Emprego" e do "Servizo Galego de Colocación (SGC)".



Figura 48:
Grao de utilización das vías de busca de emprego (I).
Valoracións medias por área de coñecemento.

Quizais conveña resaltar a grande variabilidade no ítem "Fundación Empresa-Universidade" entre as distintas áreas, pero todas elas dentro dunha valoración baixa.



Figura 49:
Grao de utilización das vías de busca de emprego (II).
Valoracións medias por área de coñecemento.

Figura 50:
Grao de utilización das vías de busca de emprego (III). Valoracións medias por área de coñecemento.



Figura 51:
Grao de utilización das vías de busca de emprego (IV). Valoracións medias por área de coñecemento.





Figura 52:
Grao de utilización das vías de busca de emprego (V).
Valoracións medias por área de coñecemento.

Comezou o estudo da utilización das vías de busca de emprego vendo a puntuación global de cada vía. Complétase a análise deste punto cunha visión sectorial: evaluando a puntuación global de todas as vías de busca, por área de coñecemento. Esta análise permite ter unha idea de como de intensa resulta a busca de emprego en cada área de coñecemento.



Figura 53:
Grao de utilización global das vías de busca de emprego.

A Figura 53 representa estas valoracións. A puntuación global da utilización das vías de busca no SUG é de 2,28 (nunha escala de 1 a 5). Segundo estes resultados, as áreas de coñecemento que quizais non precisan unha busca tan activa son CIENCIAS DA SAÚDE, ENSINANZAS TÉCNICAS e CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS IV. Este dato concorda coa porcentaxe de titulados traballando en xuño de 2004 (Figura 18) e cos resultados reflectidos na Figura 66, sobre o tempo que tardan en atopar o primeiro emprego. Estas tres áreas son as que posúen un maior número de titulados traballando e son, estes titulados ademais, os que tardan menos tempo en atopar o primeiro emprego. Asemade, debe terse en conta na interpretación deste resultado a peculiaridade do emprego nestes grupos de estudo, con especial atención no caso de CIENCIAS DA SAÚDE.

Vía propiciatoria do primeiro emprego

Unha vez analizados os mecanismos que os titulados do SUG utilizan para buscar emprego, é de interese saber por cal deles atoparon emprego. Para fixar criterios, a cuestión sobre a vía pola que atoparon emprego, refírese ao primeiro emprego, unha vez obtido o título.

	Porcentaxe
Servizos Públicos de Emprego	2,36%
SGC	8,39%
OSIX	0,04%
Fundación Empresa-Universidae	2,24%
Ofertas e bolsas de traballo a través da Universidade	6,06%
Bolsas de traballo de ou xestionadas por outras institucións	5,22%
Candidatura espontánea	19,32%
Resposta a anuncio de prensa	9,47%
Pór anuncios	0,29%
Presentación a oposición/concurso público	2,85%
ETT	3,66%
Consultoría	0,27%
Internet	3,46%
Familiares/amizades	31,18%
Autoemprego	2,83%
Prolongación de prácticas realizadas durante os estudos	2,36%

Táboa 19:
Vía propiciatoria do primeiro emprego. Porcentaxes globais do SUG.

A Táboa 19 contén as porcentaxes de primeiros empregos conseguidos mediante cada vía de busca segundo os titulados do SUG nos cursos 2001-2002 e 2002-2003. Como xa ocorría no estudo referido aos titulados entre 1996 e 2001 (PIL 1996-2001, ACSUG 2004), a vía propiciatoria da maior porcentaxe de primeiros empregos é "Familiares/amizades" (31,7%). A seguinte vía destacada é a "candidatura espontánea", pola que o 19,32% dos titulados do SUG conseguen o seu primeiro emprego, seguida de "Resposta a anuncio de prensa", "SGC", "Ofertas e bolsas de traballo a través da Universidade" e "Bolsas de traballo de/ou xestionadas por outras institucións". Ningunha outra vía supera o 4% de primeiros empregos conseguidos.

A última vía sinalada, "Prolongación de prácticas realizadas durante os estudos", non se considerou como unha vía de busca de emprego, xa que non implica unha busca activa. Pero debe terse en conta que o 2,36% dos titulados do SUG conseguen así o seu primeiro emprego. Estes datos aparecen representados na Figura 54.

Figura 54: Vía propiciatoria do primeiro emprego. Porcentaxes globais do SUG.



Da comparativa cos resultados obtidos no estudo dos titulados 1996-2001 (PIL 1996-2001, ACSUG 2004), o conxunto de vías mediante as que se conseguen máis primeiros premios é moi similar. Nembargantes, é necesario salientar o cambio que se producíu no "SGC", que no estudo anterior obtiña unha porcentaxe moito menor (3,32%), e na "Presentación a oposición/concurso público", para a que a porcentaxe de primeiros empregos foi dun 14,46% segundo os titulados entre 1996 e 2001.

Na Figura 55 represéntanse as porcentaxes de primeiros empregos conseguidos por medio das distintas vías, segundo os distintos grupos de estudo analizados. En todos eles, as vías destacadas por propiciar as maiores porcentaxes de empregos son as mesmas, coincidindo cos resultados globais do SUG. Só un área de coñecemento parece comportarse de maneira dife-

renciada: Ciencias da Saúde. Neste grupo a maior porcentaxe de primeiros empregos consíguese por "candidatura espontánea". De feito, é neste grupo no que maior porcentaxe de empregos se conseguen por esta vía. O mesmo que ocorre coas "Bolsas de traballo de ou xestionadas por outras institucións" e "Presentación a oposición/concurso público".

En Ciencias Socias e Xurídicas II é onde maior porcentaxe de empregos se conseguen por "Familiares/amizades". "Internet" consegue as maiores porcentaxes de empregos en Ciencias Socias e Xurídicas I e Ciencias Socias e Xurídicas IV. Destacar que neste último grupo, é onde maior porcentaxe de empregos se conseguen a través da "Fundación Empresa-Universidade". Os grupos onde maiores porcentaxes de titulados utilizan o "auto-emprego" como vía para comezar a traballar son Humanidades I e Humanidades II.



Figura 55:
Vía propiciatoria do primeiro emprego. Porcentaxes por área de coñecemento.[1]

[1] *A lenda debe lerse de esquerda a dereita e de arriba a abaixo*

Efectividade das vías de busca de emprego

Cruzando os resultados obtidos sobre a utilización das distintas vías de busca de emprego, coas porcentaxes de primeiros empregos obtidos con cada unha delas, pódese obter, graficamente, unha medida da efectividade das vías de busca de emprego. Atendendo a esta representación, considérase que unha vía é pouco efectiva cando ten asociada unha baixa porcentaxe de empregos propiciados e unha alta valoración da utilización. Considérase unha vía "moi efectiva" cando, por contra, consegue unha alta porcentaxe de primeiros empregos, tendo unha baixa valoración na utilización.

A Figura 56 representa esta medida de efectividade das vías de busca de emprego segundo o conxunto global de titulados do SUG analizados neste estudo. Nesta figura "Familiares/amizades" destaca como a vía con maior efectividade, xa que acada a máxima porcentaxe de empregos, tendo unha valoración de utilización intermedia. A "candidatura espontánea" destaca como unha vía pouco efectiva: ten a maior valoración na utilización e unha porcentaxe intermedia de empregos propiciados. No estudo anterior (PIL 1996-2001, ACSUG 2004), xa resaltaba a alta efectividade de "Familiares/amizades" e a baixa da "Candidatura espontánea".

A "Resposta a un anuncio de prensa", o "Servizo Galego de Colocación (SGC)", "Internet" e os "Servizos públicos de Emprego", teñen tamén unha baixa efectividade, xa que presentan unha valoración de utilización intermedia-alta asociada a unha porcentaxe de empregos propiciados intermedia-baixa ou baixa. Subliñar que a utilización de "Internet" é maior en ENSINANZAS TÉCNICAS e CIENCIAS EXPERIMENTAIS, pero presenta aínda unha baixa efectividade.

O resto das vías amosan unha efectividade intermedia, con porcentaxes de empregos propiciados baixas e valoración de utilización baixa. Por exemplo, as "Bolsas de traballo de/ou xestionadas por outras institucións" ou as "Ofertas e Bolsas de traballo a través da Universidade", con valoracións na utilización menores, propician máis primeiros empregos que "Internet": maior efectividade.



Figura 56: Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados globais SUG.

Da Figura 57 ata a Figura 65, represéntanse os resultados de efectividade por áreas de coñecemento.

En liñas xerais, obsérvanse os mesmos grupos de vías de busca de emprego, é dicir, clasificacións similares segundo a efectividade das vías consideradas en todas as áreas de coñecemento. Non obstante, é posible destacar algunhas peculiaridades:

En Ciencias da Saúde (Figura 59), a "candidatura espontánea" resalta como a vía máis utilizada e con maior porcentaxe de empregos propiciados. Os "Familiares/amizades" baixa claramente na porcentaxe de empregos propiciados, situándose, xunto coas "Bolsas de traballo de ou xestionadas por outras institucións", nunha localización que indica unha valoración de utilización intermedia-alta con unha porcentaxe de empregos intermedia-alta. "Presentación a oposición/concurso público" aumenta a porcentaxe de empregos propiciados respecto ao resultado global do SUG; aínda que non tanto a valoración de utilización, é dicir, ten maior efectividade nesta área de coñecemento.

Na área de Ciencias Sociais e Xurídicas II (Figura 61) a "Candidatura espontánea" empeora a súa efectividade respecto ao resultado global do SUG: mantén a valoración de utilización, pero a porcentaxe de empregos propiciados é menor.

No grupo HUMANIDADES I (Figura 64) aparece a "Candidatura espontánea" cunha menor porcentaxe de empregos propiciados, máis discordante coa súa valoración de utilización, o que amosa unha menor efectividade desta vía neste grupo, comparado co resultado global do SUG. Ademais, o "Servizo Galego de Colocación (SGC)" é a vía de busca de emprego máis utilizada polos titulados desta área de coñecemento, aínda que a súa efectividade diminuíu respecto ao SUG.

Figura 57: Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados por área de coñecemento: Ensinanzas Técnicas.



Figura 58: Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados por área de coñecemento: Ciencias Experimentais.





Figura 59:
Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados por área de coñecemento: Ciencias da Saúde.



Figura 60:
Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados por área de coñecemento: Ciencias Sociais e Xurídicas I.

Figura 61: Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados por área de coñecemento: Ciencias Sociais e Xurídicas II.



Figura 62: Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados por área de coñecemento: Ciencias Sociais e Xurídicas III.





Figura 63:
Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados por área de coñecemento: Ciencias Sociais e Xurídicas IV.



Figura 64:
Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados por área de coñecemento: Humanidades I.

Figura 65: Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados por área de coñecemento: Humanidades II.



Tempo transcorrido ata o primeiro emprego

O seguinte punto da enquisa, dentro do apartado sobre a busca de emprego, ten que ver coas dificultades para a obtención dun primeiro emprego, entendendo estas dificultades como tempo que os titulados do SUG tardan en atopar ese primeiro emprego.

A Táboa 20 recolle estes datos, en meses. Segundo estes resultados, case a metade (44,86%) dos titulados do SUG entre 2001 e 2003 tardaron menos de 4 meses en atopar o seu primeiro emprego dende a obtención do título.

	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
menos de 1 mes	16,52%	
1 - 3 meses	28,34%	44,86%
4 - 6 meses	19,35%	64,21%
7 - 12 meses	23,54%	87,75%
13 - 23 meses	6,45%	94,20%
máis de 23 meses	5,80%	100,00%

Táboa 20:
Tempo que os titulados tardan en atopar o primeiro emprego, en meses. Resultados globais SUG.

Na Figura 66 pódese ver o tempo transcorrido dende a obtención do título ata a consecución do primeiro emprego, por áreas de coñecemento. En todos os casos o 50% dos titulados atopa o primeiro emprego antes dos 7 meses de busca dende a obtención do título, e menos dun 20% tarda máis dun ano.

Segundo estes resultados, os titulados de Ensinanzas Técnicas parecen ser os que antes atopan o primeiro emprego, case un 60% tardan un máximo de 3 meses. Os que máis tardan, segundo estes datos, son os titulados de Ciencias Experimentais.

Figura 66:
Tempo que os titulados tardan en atopar o primeiro emprego, en meses. Resultados por áreas de coñecemento.



Cualidades valoradas na contratación

No seguinte punto do cuestionario recóllense as valoracións que os titulados fan de diversas cualidades segundo a súa importancia para a consecución dun emprego. Estas valoracións consideráronse nunha escala de 1 (nada valorada) a 5 (moi valorada). A Táboa 21 recolle os promedios das valoracións dos titulados do SUG entre 2001 e 2003, ordeados.

Seis factores destacan polas altas valoracións, superiores a 4, "Experiencia laboral relacionada", "Ter boa sorte", "Ter mobilidade xeográfica", "Actitude durante a entrevista", "Ser constante na busca" e "A titulación estudada".

Os factores menos valorados, con promedios inferiores a 3 (nunha escala de 1 a 5) son a "Reputación do centro universitario onde estudou", "A especialización na carreira" e "O expediente académico".

Segundo estes resultados, a titulación (4,01) segue a ser determinante na consecución do primeiro emprego, aínda que non o é a especialización na carreira (2,83).

Cabe destacar a diferenza de valoración existente entre as "Prácticas na mesma empresa", cunha valoración de 3,83, e as "Prácticas noutras empresas" (3,58).

	Valoración Media
Experiencia laboral relacionada	4,47
Ter boa sorte	4,38
Ter mobilidade xeográfica	4,17
Actitude durante a entrevista	4,13
Ser constante na busca	4,04
A titulación estudada	4,01
Coñecementos de informática	3,96
Recomendación doutras persoas	3,95
Prácticas na mesma empresa	3,83
Resultados de test de selección	3,78
Ausencia de cargas/compromisos familiares	3,62
Coñecementos de idiomas	3,59
Prácticas noutras empresas	3,58
Cursos de posgrao, máster ou cursos de doutoramento	3,39
Reputación do centro universitario onde estudou	2,89
A especialización na carreira	2,83
O expediente académico	2,70

Táboa 21: Valoración de cualidades para a consecución de emprego. Promedio do SUG.

A valoración das distintas cualidades pode analizarse por áreas de coñecemento. Da Figura 67 ata a Figura 71, recóllense estes resultados. Un punto moi salientable nas cualidades para conseguir emprego é que a segunda máis valorada corresponde a "ter boa sorte" e a derradeira, o "expediente académico".

En xeral, todos os grupos de estudo coinciden nos factores máis e menos valorados para a consecución dun emprego.

Os titulados de Ciencias da Saúde valoran moito máis a "titulación estudada", máis de 4,5 nunha escala de 1 a 5, nembargantes valoran menos que os demais grupos os "coñecementos de idiomas" e os "coñecementos de informática".

"A especialización na carreira" é máis importante para os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas III.

Os titulados de todas as áreas de coñecemento coinciden en que se valoran máis as "Prácticas na mesma empresa" que as "Prácticas noutras empresas".

Como é razoable, o grupo de estudo que máis valora os "coñecementos de idiomas" é HUMANIDADES II.

Figura 67: Valoración de cualidades para a consecución de emprego (I). Resultados por área de coñecemento.



Figura 68: Valoración de cualidades para a consecución de emprego (II). Resultados por área de coñecemento.





Figura 69: Valoración de cualidades para a consecución de emprego (III). Resultados por área de coñecemento.



Figura 70: Valoración de cualidades para a consecución de emprego (IV). Resultados por área de coñecemento.

Figura 71: Valoración de cualidades para a consecución de emprego (V). Resultados por área de coñecemento.



O 58,36% dos titulados do SUG entre 2001 e 2003 non rexeitaron nunca unha oferta de traballo. Aos titulados que afirman ter rexeitado algunha oferta de traballo, 41,64%, preguntóuselles polas razóns para ilo. Os motivos máis sinalados polos titulados do SUG entre 2001 e 2003 son a "Existencia dunha oferta mellor" (31,98%), , "Oferta económica inadecuada" (29,34%) e "o traballo a realizar non lle resultaba atractivo" (27,42%). O motivo menos sinalado é "Posto de cualificación superior ao título".

Táboa 22. Motivos para rexeitar unha oferta de traballo. Resultados globais SUG.

	Porcentaxe
Existencia dunha oferta mellor	31,98%
Oferta económica inadecuada	29,34%
O traballo a realizar non lle resultaba atractivo	27,42%
A modalidade de contratación ofrecida era inadecuada	17,36%
Posto de cualificación inferior ao título	11,58%
Horario de traballo inadecuado	9,57%
Esixencia de cambio de residencia	8,43%
Esixencia de dispoñibilidade para viaxar	7,62%
Posto de cualificación superior ao título	0,52%

A Figura 72 representa as porcentaxes de titulados que rexeitaron algunha oferta de traballo por área de coñecemento. Segundo estes resultados, os titulados que máis ofertas de traballo rexeitaron son os de Ensinanzas Técnicas e os de Ciencias da Saúde. Os que menos, son os de Humanidades I.



Figura 72: Porcentaxe de titulados que rexeitaron algunha oferta de traballo, por área de coñecemento.

Na Figura 73 represéntanse estes resultados por áreas de coñecemento. Na maioría das áreas os motivos máis sinalados coinciden cos resultados globais, aínda que non na mesma orde.

Figura 73. Motivos para rexeitar unha oferta de traballo. Resultados por área de coñecemento.



SOBRE A SITUACIÓN LABORAL ACTUAL

Neste apartado achéganse os resultados relativos á análise da situación laboral dos titulados no momento da realización da enquisa. Apórtanse datos obxectivos, como o "número de empresas" nas que traballaron ou o "número de contratos" do que desfrutaron dende a obtención do título, e tamén se obteñen valoracións doutros factores importantes para a satisfacción co emprego, así como as competencias requiridas para o desempeño do mesmo.

Número de empresas e contratos

Na Táboa 23 pode verse que, dos titulados universitarios que traballaron, aproximadamente o 50% fíxoo en máis dunha empresa. A maior "inestabilidade" atópase na área de CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS IV.

	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	11,09%	
1	40,87%	51,96%
2	26,18%	78,14%
3	13,42%	91,56%
4 ou máis	8,44%	100%

Táboa 23.
Número de empresas nas que traballou dende a obtención do título.

Figura 74. Número de empresas nas que traballou dende a obtención do título. Porcentaxes por área de coñecemento.



Dos titulados universitarios que traballaron, o 60% tivo máis dun contrato laboral dende que rematou a titulación.

Táboa 24. Número de contratos laborais dende que rematou a carreira.

	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	11,08%	
1	29,64%	40,72%
2	22,87%	63,59%
3	15,04%	78,63%
4	6,68%	85,31%
5	5,24%	90,55%
6 ou máis	9,45%	100%

Se confrontamos as táboas de "número de contratos" e "número de empresas" obtemos, comparando o último dos tramos considerados para o número de empresas, que a porcentaxe de titulados que tivo 4 ou máis contratos é superior á quinta parte dos enquisados (21%) mentres que tan só un 8% tra-

ballou en 4 ou máis empresas. Isto pon de manifesto a eventualidade dos contratos dos recén titulados cando se incorporan ao mercado de traballo, podendo contrastar este dato co obtido no apartado referente a tipoloxía do contrato.

	Porcentaxe empresas	Porcentaxe contratos
0	11,09%	11,08%
1	40,87%	29,64%
2	26,18%	22,87%
3	13,42%	15,04%
4 ou máis	8,44%	21,37%

Táboa 25.
Número de empresas – Número de contratos.



Figura 75. Número de contratos laborais dende a obtención do título. Porcentaxes por área de coñecemento.

Salarios

A maioría dos titulados, aproximadamente o 95%, afirman ter un salario neto mensual inferior a 1500 euros e case as tres cuartas partes non pasan de 1000 euros.

Táboa 26. Salario neto mensual do traballo en xuño de 2004.

	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
Menos de 500	16,96%	
de 500 a 1000	55,45%	72,41%
de 1000 a 1500	22,4%	94,81%
de 1500 a 2000	3,53%	98,34%
Máis de 2000	1,66%	100%

Por áreas de coñecemento, os salarios máis altos atópanse en CIENCIAS DA SAÚDE, mentres que os máis baixos son os percibidos polos titulados de HUMANIDADES I.

Figura 76. Salario neto mensual en xuño de 2004. Porcentaxes por área de coñecemento.



Aspectos da situación laboral

Dentro dos aspectos da situación laboral, destacar que as valoracións medias só son notablemente maiores que 3 no caso da zona xeográfica desexada e de que o sector no que traballan pertence á especialidade estudada. Os titulados universitarios traballan na zona xeográfica que desexan, pero non consideran adecuado o seu nivel retributivo, non observan posibilidades de promoción dentro da empresa e tampouco consideran estable o seu traballo.

En canto á relación dos estudos cursados co desempeño do traballo, non parecen precisar formación específica para desenvolver o traballo pero a situación laboral non é acorde co esforzo realizado na carreira.

Táboa 27.
Aspectos da situación laboral.

	Valoración Media
Traballa nun sector pertencente á especialidade estudada	3,47
Precisou de formación específica para desenvolver o seu traballo	2,15
A súa situación laboral é acorde co esforzo realizado na carreira.	2,77
A titulación está ben considerada no ámbito da súa empresa	3,40
A Escola/Facultade está ben considerada no ámbito da súa empresa	3,00
Considérase suficientemente valorado na empresa	3,32
Os coñecementos adquiridos durante a carreira fóronlle de utilidade	3,13
Observa posibilidades reais de promoción dentro da empresa	2,58
Considera estable o seu traballo	2,75
Considera adecuado o seu actual nivel retributivo	2,79
Traballa na zona xeográfica que vostede desexa	4,01

Figura 77. Aspectos da situación laboral (I). Resultados por área de coñecemento.



Por áreas de coñecemento, e como era de esperar, son os titulados de CIENCIAS DA SAÚDE os que manifestan un grao de acordo máis alto en canto á relación entre o sector no que traballan e a especialidade cursada, seguidos dos titulados de ENSINANZAS TÉCNICAS.

Os que menos formación específica precisaron para desenvolver o traballo son tamén os titulados de CIENCIAS DA SAÚDE.

Figura 78. Aspectos da situación laboral (II). Resultados por área de coñecemento.



Sobre se "a situación laboral é acorde co esforzo realizado durante a carreira", os titulados de CIENCIAS EXPERIMENTAIS son os que máis en desacordo están con esta afirmación. Novamente, son os titulados de CIENCIAS DA SAÚDE os que manifestan un maior grao de acordo.

Na consideración da titulación dentro da empresa, as puntuacións máis altas obtéñense nos titulados de ENSINANZAS TÉCNICAS e de CIENCIAS DA SAÚDE.



Figura 79.
Aspectos da situación laboral (III). Resultados por área de coñecemento.



Figura 80.
Aspectos da situación laboral (IV). Resultados por área de coñecemento.

Na Figura 81, os dous ítems obteñen valoracións inferiores a 3, en tódalas áreas de coñecemento.

Figura 81. Aspectos da situación laboral (V). Resultados por área de coñecemento.



Competencias, coñecementos e actitudes

As competencias profesionais constitúen o conxunto de capacidades, aptitudes e coñecementos necesarios para realizar as actividades de traballo cos niveis requiridos de calidade e eficacia no emprego. Neste marco, a avaliación das competencias que posúen os titulados constitúe un elemento clave para medir a calidade da formación universitaria como preparador para a vida laboral. Nas enquisas a titulados universitarios realizadas nos últimos anos (poderiamos afirmar que as levadas a cabo despois do proxecto CHEERS[1]), inclúense ítems que permiten a medición das competencias.

Pero, por que precisamos medir as competencias? Os datos relativos ás competencias poden utilizarse para manter ou mellorar a calidade dos estudos de educación superior en canto á preparación que proporcionan para a inserción no mercado de traballo.

Dentro da xestión da calidade produciuse, nos últimos anos, un cambio nas necesidades de información das persoas que se ocupan dos distintos aspectos da calidade da educación.

[1] Career after Higher Education. A European Research Study. Ver Anexo II.

Mentres que fai uns anos a atención centrábase principalmente no propio proceso educativo, hoxe en día préstase maior atención aos obxectivos finais dos estudos universitarios, en canto a resultados desexados: unha maneira de que os estudos universitarios amosen a súa calidade é a través do rendemento dos titulados na práctica.

É polo tanto obrigado preguntarse en que medida os estudos superiores conseguen proporcionar aos titulados os requisitos necesarios para comezar axeitadamente a súa carreira no mercado laboral e tamén ata que punto esta serie de competencias, coñecementos e aptitudes son necesarias para o desenvolvemento do traballo.

Na Táboa 28 podemos observar que a "capacidade de comunicación oral/escrita", a "lealdade, honestidade" e a "capacidade de aprendizaxe" son os factores que ao parecer máis requiridos para o desempeño do traballo.

Táboa 28. Competencias, coñecementos e aptitudes.

	Valoración Media
Lealdade, honestidade	4,29
Capacidade para a aprendizaxe	4,29
Motivación	4,26
Adaptabilidade	4,25
Iniciativa	4,03
Pensamento crítico	3,53
Creatividade	3,56
Capacidade de comunicación oral/escrita	4,31
Cultura xeral	3,60
Coñecementos teóricos no seu campo	3,67
Coñecementos prácticos no seu campo	3,93
Capacidade de traballo en equipo	4,27
Capacidade de traballo independente	4,20
Capacidade de traballo baixo presión	3,93
Capacidade de análise	3,88
Capacidade de asumir responsabilidades	4,13
Capacidade para resolver problemas	4,24
Capacidade de planificación, coordinación e organización	4,19
Capacidade de liderado	3,23
Coñecementos de idiomas	2,81
Coñecementos de informática	3,54

Cos datos que se aportan nas Táboa 28 e Táboa 29, podemos responder ás seguintes preguntas:

1.- **Que necesitan os titulados universitarios para o desempeño do seu traballo?** Ser capaces de comunicarse, leais e honestos, con capacidade de aprendizaxe e de traballo en equipo, motivados, adaptables e hábiles na resolución de problemas.

2.- **Que non é imprescindible para o desempeño do seu traballo?** Non son imprescindibles os coñecementos de idiomas nin de informática, nin a capacidade de liderado nin tampouco o pensamento crítico. Tampouco a creatividade é un factor esencial.

Non nos debe chamar a atención a resposta á pregunta 1, posto que avanzamos cara ao que se da en denominar a "sociedade do coñecemento", onde o modelo de profesional requirido e o dun profesional flexible.

Táboa 29. Competencias, coñecementos e aptitudes por valoración media.

	Orde
Capacidade de comunicación oral/escrita	1
Lealdade, honestidade	2
Capacidade para a aprendizaxe	2
Capacidade de traballo en equipo	4
Motivación	5
Adaptabilidade	6
Capacidade para resolver problemas	7
Capacidade de traballo independente	8
Capacidade de planificación, coordinación e organización	9
Capacidade de asumir responsabilidades	10
Iniciativa	11
Coñecementos prácticos no seu campo	12
Capacidade de traballo baixo presión	12
Capacidade de análise	14
Coñecementos teóricos no seu campo	15
Cultura xeral	16
Creatividade	17
Coñecementos de informática	18
Pensamento crítico	19
Capacidade de liderado	20
Coñecementos de idiomas	21

A valoración dos "coñecementos de idiomas" e dos "coñecementos de informática" para o desenvolvemento do traballo, como pode apreciarse na Táboa 29 é baixa (posicións 21 e 18 respectivamente). Se comparamos estes resultados cos da Táboa 21 sobre a valoración de cualidades para conseguir un emprego, vemos que os titulados consideran que ningún destes dous elementos son esenciais para conseguir un emprego, aínda que en menor medida os "coñecementos de idiomas".

Nas seguintes figuras preséntanse os resultados de valoracións medias por área coñecemento, aínda que non se perciben grandes diferenzas, salvo no caso dos "coñecementos teóricos", onde CIENCIAS DA SAÚDE obtén unha valoración sensiblemente máis alta e no caso de "coñecementos de idiomas", onde os titulados de HUMANIDADES II proporcionan valoracións notablemente superiores ás dos titulados de outras áreas.



Figura 82. Competencias, coñecementos e aptitudes. Valoracións medias por área de coñecemento (I).

É chamativa a variabilidade nos ítems "coñecementos prácticos no seu campo", "coñecementos teóricos", "coñecementos de idiomas" e "coñecementos de informática" nas distintas áreas. Cómpre sinalar a uniformidade da valoración de "capacidade de comunicación oral/escrita". Dende un punto de vista más sectorial convén salientar que en CIENCIAS EXPERIMENTAIS a "capacidade de resolver problemas" obtén unha valoración menor ca nas ENSINANZAS TÉCNICAS ou en CIENCIAS DA SAÚDE, e tamén que os que ofrecen unha valoración máis altas na maioría dos ítems son os titulados nestas últimas.

Figura 83. Competencias, coñecementos e aptitudes. Valoracións medias por área de coñecemento (II).



Figura 84. Competencias, coñecementos e aptitudes. Valoracións medias por área de coñecemento (III).



En canto ás expectativas ao inicio da carreira, a valoración media que fan os titulados é próxima a 3. Parece claro, á vista dos resultados, que consideran que é necesaria máis información dentro da universidade, sobre a busca de emprego (véxase Táboa 30).

	Valoración Media
Coincide a súa liña profesional coas súas expectativas ao inicio da carreira	2,86
Considera que sería necesaria máis información, dentro da propia universidade, sobre a busca de emprego	4,39

Táboa 30.
Valoración media do cumprimento das expectativas e da necesidade de información sobre a busca de emprego.

Por área de coñecemento, os titulados que viron cumpridas as súas expectativas en maior medida son os de CIENCIAS DA SAÚDE. Os que menos, os titulados de CIENCIAS EXPERIMENTAIS.



Figura 85.
Valoración media do cumprimento das expectativas e da necesidade de información sobre a busca de emprego por área de coñecemento.

No referente á coincidencia da liña profesional coas súas expectativas ao inicio dos estudos, só nas ENSINANZAS TÉCNICAS e en CIENCIAS DA SAÚDE superan a metade da escala. Convén destacar que a peor valoración dáse nas CIENCIAS EXPERIMENTAIS.

	Si	Non
Volvería a cursar estudos universitarios?	84,78%	15,22%
Volvería a cursar a mesma titulación?	79,93%	20,07%
Volvería a cursar a mesma titulación na mesma universidade?	87,66%	12,34%

Táboa 31.
Satisfacción cos estudos cursados.

O 85% dos titulados enquisados afirma que volvería cursar estudos universitarios. Deles, o 80% repetiría a mesma titulación e dentro deste grupo e o 88% di que o faría na mesma universidade.

Aínda que o número de respostas positivas é alto, as porcentaxes máis baixas (en torno ao 80%) en relación con se volverían a cursar estudos universitarios aparecen en CIENCIAS EXPERIMENTAIS, CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS II e HUMANIDADES I e II.

Figura 86. Volvería a cursar estudos universitarios. Porcentaxes por área de coñecemento.



Figura 87. Volvería a cursar a mesma titulación. Porcentaxes por área de coñecemento.





Figura 88.
Volvería a cursar a mesma titulación na mesma universidade. Porcentaxes por área de coñecemento.

anexo I

esquema do cuestionario



ANEXO I: ESQUEMA DO CUESTIONARIO

Achegamos un esquema do cuestionario utilizado para a realización do estudo. Como xa se comentou na introdución, elaborouse unha aplicación informática para a realización das entrevistas. Dentro da propia aplicación engadíronse comentarios para os enquisadores e redactáronse as preguntas correspondentes a cada punto do cuestionario.

ESQUEMA DO CUESTIONARIO

1. Ano de nacemento.
2. Sexo:
   - ☐ Home
   - ☐ Muller
3. Nivel de estudos da nai:
   - ☐ sen estudos
   - ☐ primarios
   - ☐ bacharelato/FP
   - ☐ universitarios medios
   - ☐ universitarios superiores
4. Nivel de estudos do pai:
   - ☐ sen estudos
   - ☐ primarios
   - ☐ bacharelato/FP
   - ☐ universitarios medios
   - ☐ universitarios superiores

DATOS ACADÉMICOS E LABORAIS

5. Titulación: _____

6. Era esta titulación a súa primeira opción?
   - ☐ Non
   - ☐ Si

7. Especialidade da titulación.

8. Ano de finalización dos estudos.

9. Anos empregados na carreira.

10. Nota media aproximada do expediente:

☐ Aprobado	[1,2)	[5,7)
☐ Notable	[2,3)	[7,9)
☐ Sobresaliente	[3,4)	[9,10)
☐ Matrícula de Honra	4	10

11. Outras titulacións universitarias rematadas?
   - ☐ Non *(pase ao punto 12)*
   - ☐ Si

   Que outras titulacións estudou?
   - ☐ Diplomado/Enxeñeiro Técnico/Arquitecto Técnico.
   - ☐ Licenciado/Enxeñeiro Superior/Arquitecto
   - ☐ Títulos Propios

12. Estudos de posgrao rematados.
   - ☐ Non *(pase ao punto 13)*
   - ☐ Si
     - ☐ 3º Ciclo.
     - ☐ Máster/posgrao

     Motivo para realizalo:
     - ☐ Estar en mellores condicións de atopar emprego
     - ☐ Por desenvolvemento ou promoción laboral
     - ☐ Por carencias na formación previa
     - ☐ Por outras razóns (especifíqueo) _____

13. Prepara oposicións actualmente?
   - ☐ Non
   - ☐ Si

14. Estuda actualmente? *(só no caso de que cursen estudos universitarios)*
    - ☐ Non *(pase ao punto 15)*
    - ☐ Si
        - ☐ Diplomado/Enxeñeiro Técnico/Arquitecto Técnico.
        - ☐ Licenciado/Enxeñeiro Superior/Arquitecto
        - ☐ Títulos Propios
        - ☐ 3ºCiclo
        - ☐ Máster/posgrao

        Motivo para seguir cos estudos
        - ☐ Estar en mellores condicións de atopar emprego
        - ☐ Por desenvolvemento ou promoción laboral
        - ☐ Por carencias na formación previa
        - ☐ Por outras razóns (especifíqueo)_____

15. Traballaba no mes de xuño de 2004?
    - ☐ Non (pase ao punto 21)
    - ☐ Si

16. Lugar do traballo:
    - ☐ A Coruña
    - ☐ Lugo
    - ☐ Ourense
    - ☐ Pontevedra
    - ☐ Resto de España
    - ☐ Resto da Unión Europea
    - ☐ Resto do mundo

17. Motivo de non traballar en Galicia, se é o caso:
    - ☐ Non atopar traballo en Galicia
    - ☐ Mellor oferta no exterior
    - ☐ Razóns persoais
    - ☐ Por outras razóns (especifíqueo) _____

18. Tempo que leva no posto de traballo actual, en meses: _____

19. Contrato:

    Conta Propia:
    - ☐ Dado de Alta
    - ☐ Non dado de Alta

    Conta allea:
    - ☐ Sen contrato
    - ☐ Con contrato:
        - ☐ Indefinido
        - ☐ Eventual
        - ☐ Contrato en Prácticas
        - ☐ Bolsa
        - ☐ Outro
    - ☐ Tempo parcial
    - ☐ Xornada completa

20. Se traballaba por conta allea, nº de empregados da entidade:

☐ 0-1 ☐ 2-9 ☐ 10-49
☐ 50-99 ☐ 100-149 ☐ 150-199
☐ 200-249 ☐ 250 ou máis

SOBRE A SÚA ESTADÍA NA ESCOLA/FACULTADE

Valore os seguintes aspectos da súa estadía na Universidade:

	Escala de 1 a 5 (DE MENOS A MÁIS).	N/A	1	2	3	4	5
21	Facilitábase a realización de prácticas en empresas?						
22	Nos contidos das materias tivéronse en conta os avances e a tecnoloxía predominantes no seu campo?						
23	O plan de estudos permite rematar a carreira no tempo estipulado?						
24	Necesitou apoio externo (academias) nalgunha das materias (1: nada, 5: moito)						
25	Unha vez rematada a carreira, se precisou da colaboración dalgún profesor no desenvolvemento do seu traballo, esta foi satisfactoria						
26	Se realizou prácticas en empresas, considera estas útiles para a inserción no mundo laboral.						

27. Actividade laboral principal durante a carreira (exceptuando as prácticas):

☐ Estudo a tempo completo. *(pase ao punto 29)*
☐ Estudo e algún traballo esporádico
☐ Estudo e traballo a xornada parcial
☐ Estudo e algún traballo a xornada completa

28. Valore a relación entre esta actividade laboral e os estudos nunha escala de 1 a 5

Relación Emprego-Estudos ☐1 ☐2 ☐3 ☐4 ☐5

SOBRE A BUSCA DE EMPREGO

29. Buscou traballo algunha vez ou búscao actualmente?
    - ☐ Non *(pase ao punto110)*
    - ☐ Si

Indique o grao de utilización das seguintes vías para a busca de emprego, dende 1 ata 5 o seu nivel de utilización. Se non a utilizou, a opción é 1.

		1	2	3	4	5
30	INEM					
31	Servizo Galego de Colocación					
32	OSIX (Oficina de Servicios Integrados para a Xuventude)					
33	Fundación Empresa-Universidade					
34	Ofertas e bolsas de traballo a través da Universidade (non OSIX)					
35	Bolsas de traballo doutras institucións/ xestionadas por outras institucións					
36	Candidatura espontánea (envío de CV á empresa sen existir oferta)					
37	Respondín a un anuncio de traballo de prensa					
38	Puxen anuncios					
39	Presentación a oposición/concurso público					
40	A través dunha empresa de traballo temporal (ETT)					
41	Consultorías					
42	Internet					
43	A través de familiares/amizades					
44	Autoemprego					
45	Outras? *(especifíquea)*_____ _____					

46. A propiciatoria do primeiro emprego foi:
    - ☐ Algunha das anteriores: nº _____
    - ☐ Prolongación de prácticas realizadas durante os estudos
    - ☐ Outras, especifíqueo _____

47. Canto tempo tardou en conseguir o primeiro emprego dende a obtención do título (en meses): _____ .

En que grao considera importante, segundo a súa experiencia, os seguintes factores para a obtención un emprego?:

		1	2	3	4	5
48	A titulación estudada					
49	O expediente académico					
50	A especialización na carreira					
51	Cursos de posgrao, máster ou cursos de doutoramento					
52	Experiencia laboral relacionada					
53	Prácticas na mesma empresa					
54	Prácticas noutras empresas					
55	Coñecementos de idiomas					
56	Coñecementos de informática					
57	Actitude durante a entrevista					
58	Resultados de test de selección					
59	Reputación do centro universitario onde estudou					
60	Recomendación doutras persoas					
61	Ser constante na busca					
62	Ter mobilidade xeográfica					
63	Ausencia de cargas/compromisos familiares					
64	Ter boa sorte					

Rexeitou algunha oferta de traballo?

☐ Non *(pase ao punto 75)*

☐ Si. Indique os motivos, de entre os seguintes (pode seleccionar máis de 1)

Resposte SI/NON

65	Posto de cualificación inferior ao título	
66	Posto de cualificación superior ao título	
67	A modalidade de contratación ofrecida era inadecuada	
68	Existencia dunha oferta mellor	
69	Oferta económica inadecuada	
70	Horario de traballo inadecuado	
71	Esixencia de cambio de residencia	
72	Esixencia de dispoñibilidade para viaxar	
73	O traballo a realizar non lle resultaba atractivo	
74	Outros (especifíqueo) _____	

SOBRE A SÚA SITUACIÓN LABORAL ACTUAL

75. Nº de contratos laborais dende que rematou a carreira:

76. Salario neto mensual do seu traballo en Xuño de 2004:

- ☐ Menos de 500€
- ☐ 500€-1000€
- ☐ 1000€-1500€
- ☐ 1500€-2000€
- ☐ Máis de 2000€

Valore os seguintes aspectos do seu traballo, de 1 a 5:

		N/A	1	2	3	4	5
77	Traballa nun sector pertencente á especialidade estudada						
78	Precisou de formación específica (superior a 3 meses) para desenvolver o seu traballo						
79	A súa situación laboral é acorde co esforzo realizado na carreira.						
80	A titulación está ben considerada no ámbito da súa empresa	X					
81	A Escola/Facultade está ben considerada no ámbito da súa empresa	X					
82	Considérase suficientemente valorado na empresa	X					
83	Os coñecementos adquiridos durante a carreira fóronlle de utilidade						
84	Observa posibilidades reais de promoción dentro da empresa	X					
85	Considera estable o seu traballo						
86	Considera adecuado o seu actual nivel retributivo						
87	Traballa na zona xeográfica que vostede desexa						

Valore a importancia dos seguintes aspectos da formación para o desempeño do seu traballo actual:

		1	2	3	4	5
88	Lealdade, honestidade					
89	Capacidade para a aprendizaxe					
90	Motivación					
91	Adaptabilidade					
92	Iniciativa					
93	Pensamento crítico					
94	Creatividade					
95	Capacidade de comunicación oral/escrita					
96	Cultura xeral					
97	Coñecementos teóricos no seu campo					
98	Coñecementos prácticos no seu campo					
99	Capacidade de traballo en equipo					
100	Capacidade de traballo independente					
101	Capacidade de traballo baixo presión					
102	Capacidade de análise					
103	Capacidade de asumir responsabilidades					
104	Capacidade para resolver problemas					
105	Capacidade de planificación, coordinación e organización					
106	Capacidade de liderado					
107	Coñecementos de idiomas					
108	Coñecementos de informática					

		1	2	3	4	5
109	Coincide a súa liña profesional coas súas expectativas ao inicio da carreira?					
110	Considera que sería necesaria máis información, dentro da propia universidade, sobre a busca de emprego?					

111. Volvería a cursar estudios universitarios?
- ☐ Non
- ☐ Si

112. Volvería a cursar a súa titulación?
- ☐ Non
- ☐ Si

113. Volvería a cursar a súa titulación na mesma universidade?
- ☐ Non
- ☐ Si

anexo II

descrición das áreas de coñecemento



ANEXO II: DESCRICIÓN DAS ÁREAS DE COÑECEMENTO

Ensinanzas Técnicas:

– Arquitectura
– Arquitectura Técnica
– Diplomado en Máquinas Navais e Diplomatura en Navegación Marítima
– Enxeñeiro Agrónomo
– Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos
– Enxeñeiro de Minas
– Enxeñeiro de Montes
– Enxeñeiro de Telecomunicación
– Enxeñeiro en Informática
– Enxeñeiro Industrial
– Enxeñeiro Naval e Oceánico
– Enxeñeiro Químico
– Enxeñeiro Técnico Agrícola
– Enxeñeiro Técnico en Informática
– Enxeñeiro Técnico en Deseño Industrial
– Enxeñeiro Técnico Forestal
– Enxeñeiro Técnico Industrial
– Enxeñeiro Técnico Naval
– Licenciado en Máquinas Navais e Licenciado en Naútica e Transporte Marítimo

Ciencias Experimentais:

– Diplomado en Óptica e Optometría
– Licenciado en Bioloxía
– Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos
– Licenciado en Ciencias do Mar
– Licenciado en Física
– Licenciado en Matemáticas
– Licenciado en Química

Ciencias da Saúde:

– Diplomado en Enfermería
– Diplomado en Fisioterapia
– Diplomado en Logopedia
– Diplomado en Podoloxía
– Diplomado en Terapia Ocupacional
– Licenciado en Farmacia
– Licenciado en Medicina
– Licenciado en Odontoloxía
– Licenciado en Veterinaria

Ciencias Sociais e Xurídicas I:

– Diplomado en Ciencias Empresariais
– Licenciado en Administración e Dirección de Empresas
– Licenciado en Economía

Ciencias Sociais e Xurídicas II:

– Diplomado en Relacións Laborais
– Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración
– Licenciado en Dereito

Ciencias Sociais e Xurídicas III:

– Diplomado en Educación Social
– Diplomado en Traballo Social
– Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte
– Licenciado en Pedagoxía
– Licenciado en Psicoloxía
– Licenciado en Psicopedagoxía
– Licenciado en Socioloxía
– Mestre

Ciencias e Sociais e Xurídicas IV:

– Diplomado en Turismo
– Diplomado en Xestión e Administración Pública
– Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas
– Licenciado en Xornalismo

Humanidades I:

– Diplomado en Biblioteconomía e Documentación
– Licenciado en Belas Artes
– Licenciado en Filosofía
– Licenciado en Historia
– Licenciado en Historia da Arte
– Licenciado en Humanidades
– Licenciado en Xeografía

Humanidades II:

– Licenciado en Filoloxía Alemana
– Licenciado en Filoloxía Clásica
– Licenciado en Filoloxía Francesa
– Licenciado en Filoloxía Galega
– Licenciado en Filoloxía Hispánica
– Licenciado en Filoloxía Inglesa
– Licenciado en Filoloxía Italiana
– Licenciado en Filoloxía Portuguesa
– Licenciado en Filoloxía Románica
– Licenciado en Traducción e Interpretación

B

referencias BIBLIOGRÁFICAS



referencias bibliográficas

Documentación

- Formación y Empleo de los Titulados de la Universidad de León. Oficina de Evaluación y Calidad. Universidad de León (2004).
- Proxecto de Inserción Laboral dos Titulados polo Sistema Universitario de Galicia 1996-2001. ACSUG (2004).
- Métodos de análisis de la inserción laboral de los universitarios. Consejo de Coordinación Universitaria (2003).
- As tendencias do Emprego. Colección Iniciativas, Xunta de Galicia. (2003)
- Atopar Emprego. Colección Iniciativas, Xunta de Galicia. (2004)

Nota: *as referencias están ordeadas por ano e orde alfabética.*

Documentación na Rede

- La inserción laboral de los titulados en la Universidad de Salamanca. Estudios de los egresados en 1999 y 2001.
  http://websou.usal.es/sou/informes/inserlab.pps
- Métodos de análisis de la inserción laboral de los universitarios. Ministerio de Educación y Ciencia.
  http://www.mec.es/educa/jsp/plantilla.jsp?area=ccuniv&id=260
- Resumen VII Estudio de Inserción Laboral. Servicio de Orientación y Planificación Profesional (SOPP) de la Fundación Universidad Carlos III.
  http://www.fundacion.uc3m.es/Sopp/observatorio/Estudio_de_inserci%C3%B3n_laboral.htm

- II ESTUDIO SOBRE LA INSERCIÓN LABORAL SOBRE LOS EGRESADOS DE LA UNIVERSIDAD PABLO DE OLAVIDE(SEVILLA). FUNDACIÓN UNISOC, UNIVERSIDAD-SOCIEDAD.

  http://unisoc.upo.es/aalumnos/doc/insercion2.pdf

- CAPITAL HUMANO. OBSERVATORIO DE LA INSERCIÓN LABORAL DE LOS JÓVENES: 1996-2002. BANCAJA E INSTITUTO VALENCIANO DE INVESTIGACIONES ECONÓMICAS.

  http://www.ivie.es/downloads/ws/choilj/presentacion.pdf

- ESTUDIO DE INSERCIÓN LABORAL DE LOS TITULADOS DE LA UNIVERSITAT DE VALÉNCIA (1999-2002). OBSERVATORI D'INSERCIÓ PROFESSIONAL I ASSESSORAMENT LABORAL.

  http://www.fguv.org/opal/Analisis/AAnaInser.asp

- OBSERVATORIO UNIVERSITARIO DE INSERCIÓN LABORAL

  http://www.insercionlaboral.net

- PROXECTO CHEERS: CAREER AFTHER HIGHER EDUCATION. A EUROPEAN RESEARCH STUDY.

  http://www.uni-kassel.de/wz1/TSEREGS/goals_e.htm

- ACSUG. AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA.

  http://www.acsug.es

Abreviaturas

CCAA:	Comunidades Autónomas
CAT:	Centro de atención telefónica
CHEERS:	Career after Higher Education. A European Research Study
ETT:	Empresa de traballo temporal
OSIX:	Oficina de Servizos Integrados para a Xuventude
PIL:	Proxecto de Inserción Laboral
SGC:	Servizo Galego de Colocación
SUG:	Sistema Universitario de Galicia
TIC:	Tecnoloxías da Información e Comunicación
UDC:	Universidade da Coruña
UE:	Unión Europea
USC:	Universidade de Santiago de Compostela
UV:	Universidade de Vigo

ESTUDO DA INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 2001-2003



ACSUG

AXENCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA